

**NOTA DE PRENSA 060/23
4 DE AGOSTO DE 2023**

**A ESTRADA ACOLLE A TERCEIRA PROBA DO CAMPIONATO GALEGO DE
MONTAÑA**

A Estrada acolle esta fin de semana a terceira parada do Campionato Galego de Montaña, que nesta ocasión contará con nada menos que 75 equipos na liña de saída.

A proba, que xa o ano pasado contou cunha excelente lista de inscritos, terá a gran novidade da reaparición do ourensán Pablo Rey, que sairá co seu Fórmula mentres non remata a preparación da súa nova barqueta.

Ademáis, todos os principais candidatos ao triunfo tanto na clasificación xeral como nas distintas agrupacións. Nomes coma Alexis Vieitez, Abrahán Vázquez ou Jorge Fernández Vilarchao procurarán inscribir o seu nome no palmarés da carreira, unha das favoritas dos pilotos galegos.

Entre os carrozados, habituais da montaña autonómica como Manuel Senra, Jorge Pérez Alonso, Rubén Blanco ou Javier Martínez Carracedo. Tamén tomarán a saída Jorge Coca ou Marcos Maceiras, que non quixeron perderse a carreira desta fin de semana.

A proba comezará este sábado 5 de agosto as 15:30 horas do mediodía coa primeira das mangas de adestramentos, para xusto a continuación celebrar as dúas primeiras ascensións oficiais.

Para o domingo, mesmo menú. Dende as 9:00 horas da mañá, turno para a segunda manga de adestramentos e a continuación, as dúas ascensións oficiais, das que sairán os novos gañadores da Subida a Estrada.

A entrega de premios está programada xusto despois da última das mangas oficiais da proba.